



## RESOLUCIÓN ADMINISTRATIVA DA SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE POLA QUE SE APROBA A LISTA DE AGARDA DOS PROXECTOS DA SEGUNDA CONVOCATORIA DO FONDO X21

### I. FEITOS

1. Mediante a Resolución do 8 de marzo de 2021 da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Universidade aprobáronse as bases da segunda convocatoria para presentar creacións culturais, bens ou servizos de consideración análoga, coa finalidade de incrementar os contidos creativos de interese cultural e lingüísticos do denominado Fondo de proxectos culturais en lingua galega Xacobeo 2021 (en diante, Segunda convocatoria do Fondo X21). Segundo o seu contido, o órgano competente para a resolución do procedemento tamén publicará, ademais da resolución de selección de proxectos, unha **Lista de agarda**, de habela, que conterá a relación de todos os proxectos que cumpran os requisitos e as condicións da Segunda convocatoria do Fondo X21 e que non fosen seleccionados por esgotamento do crédito asignado para a tramitación do procedemento.
2. A permanencia na Lista de agarda só xerará en favor das persoas titulares dos proxectos desa lista o dereito á posibilidade de continuar o procedemento para a adxudicación dun contrato menor para o Fondo X21 durante o exercicio orzamentario 2021, naqueles casos nos que as persoas titulares doutros proxectos seleccionados con maior puntuación ata o límite da asignación orzamentaria prevista na base décima desta resolución causen baixa no procedemento.

Enténdese que causan baixa definitiva no procedemento de selección de proxectos do Fondo X21 as persoas licitadoras de calquera das modalidades de proxectos previstas nas bases que non presenten ou xustifiquen debidamente a documentación acreditativa de ter persoal laboral contratado para o desenvolvemento do seu proxecto cando a súa categoría orzamentaria sexa por un importe superior a 6 000 € e ata un máximo de 15 000 € (incluídos todos os impostos), renuncien á adxudicación ou non acepten as condicións de execución dos contratos en calquera modalidade ou categoría orzamentaria dos proxectos do Fondo X21, e cando as entidades ou institucións





privadas sen ánimo de lucro non acrediten ter persoal laboral contratado para o desenvolvemento dos seus proxectos, calquera que sexa a súa contía. As baixas por estes motivos poderanse cubrir con outros proxectos da Lista de agarda de acordo co previsto nas bases da convocatoria e o procedemento descrito na guía para as persoas adxudicatarias.

## II. CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

1. Será de aplicación a base décimo sexta da Segunda convocatoria do Fondo X21, sobre a publicación de proxectos seleccionados e non seleccionados, no que se refire á publicación da Lista de agarda.
2. Aplicaranse os principios de liberdade de acceso ás licitacións, publicidade e transparencia, non discriminación e igualdade de trato entre participantes, segundo o previsto no artigo 1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.
3. As previsións normativas que resulten de aplicación da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e outras normas complementarias.

Polo exposto, a proposta da Comisión Técnica de Valoración de proxectos da Segunda convocatoria do Fondo X21,

### RESOLVO:

**Aprobar** con carácter definitivo a **Lista de agarda**, que conterá a relación de todos os proxectos de calquera modalidade e das dúas categorías orzamentarias que cumpran os requisitos e as condicións da Segunda convocatoria do Fondo X21 e que non fosen seleccionados por esgotamento do crédito asignado para a tramitación do procedemento. **Os proxectos seleccionados pódense consultar no Anexo desta resolución.**

Santiago de Compostela, na data de sinatura dixital deste documento

O secretario xeral de Política Lingüística

Valentín García Gómez

